

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA HERMES

Entidade executante

Asociación ITINERA (<http://asociacionitinera.com/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Teo e O Pino da provincia da Coruña e nos de A Estrada e Vila de Cruces en Pontevedra

Persoas destinatarias

Persoas con TMS

Persoas en risco de exclusión social.

Persoas con antecedentes de condutas autolíticas.

Persoas que vivan soas, ou con núcleo familiar desestructurado.

Persoas que conviven con familiares con TMS

Obxectivos

Ofrecer unha rede asistencial de acompañamento, apoio e asesoramento a persoas con Trastorno Mental para evitar recaídas e ingresos, mantendo a estabilidade médica.

Promover o autocoidado mediante a adquisición de habilidades e capacidades de autonomía e coidado persoal.

Promover estilos de vida saudables fomentando hábitos de actividade física continuada.

Proporcionar espazos de respiro tanto para persoas usuarias comcoidadoras para reducir cargas e tensións familiares e de convivencia.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

O programa consta de 4 bloques:

Escola de Coidados Erit

Formación en autocoidados a persoas dependentes, para que, na medida da posible se reduza a carga de traballo e económica que supón a súa atención

2.Actividades LAR

Actividade de autonomía persoal: Pretende conseguir o maior número de habilidades que permitan afrontar con autonomía as diferentes situación cotiás.

Programa de economía familiar: O concepto de economía familiar céntrase no proceso mediante o cal as persoas toman conciencia da importancia de desenvolver coñecementos, destrezas, valores, hábitos e costumes no manexo da economía persoal e familiar

Obradoiro de habilidades sociais: Programa sobre a adquisición de Coñecementos básicos de cara a un desenvolvemento social integral axeitado

Obradoiro de Xénero e Educación Afectiva Sexual : Actividade esencial na que se pretende abordar unha educación sexual dende unha perspectiva ampla e libre e estereotipos, poñendo en valor a idea de diversidade de xénero así como os propios intereses e puntos de vista, respectando os alleos no establecemento e mantemento das relacións persoais

3. ARGOS . Creación de rede social

- Grupos de Apoio Mutuo on line
- Programa amigos de Acompañamento a saídas terapéuticas
- Acompañamento a compras e xestións administrativas
- Creación rede de Teleasistencia
- Intervención domiciliar e Abastecemento de artigos de primeira necesidade:
- Grupo de mantemento físico

4. Respiro familiar